



CONCELLO DE  
CAMBRE

R.E.L. 01150177

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 3 DE XANEIRO DE 2023**

### **PRESIDENTE:**

O alcalde, D. Óscar A. García Patiño

### **ASISTENTES:**

D. Juan González Leirós  
D. Daniel Mallo Castro  
D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta  
D. Diego Alcantarilla Rei

### **NON ASISTEN:**

D.<sup>a</sup> Lúa Sanguñedo Álvarez  
D.<sup>a</sup> Elisa Pestonit Barreiros  
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto

### **SECRETARIA ACCIDENTAL:**

D.<sup>a</sup> Verónica Maria Otero López

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día tres de xaneiro do ano dous mil vinte e tres, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Óscar A. García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Juan González Leirós, D. Daniel Mallo Castro e a D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta e D. Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten á sesión a Sra. concelleira D.<sup>a</sup> Elisa Pestonit Barreiros, a Sra. concelleira D.<sup>a</sup> Lúa Sanguñedo Álvarez e o Sr. concelleiro D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria accidental do Concello, D.<sup>a</sup> Verónica Maria Otero López.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 27 DE DECEMBRO DE 2022**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 27 de decembro de 2022, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 27 de decembro de 2022.

## **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Resolución de 26 de decembro de 2022, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, pola que se convocan, mediante tramitación anticipada de gasto, subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da

submedida 19.2. (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo), da medida Leader do programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2023 e 2024, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (código de procedemento MR701D). DOG núm. 247, do 29-12-2022.

- Anuncio da Secretaría Xeral. Servizo de Patrimonio e Contratación da excma. Deputación provincial da Coruña, respecto da aprobación da actualización de prezos do proxecto senda peonil na DP 1702 PQ 0 +970 ao 1+070. Pasarela sobre liña FF.CC. Cambre. BOP núm. 245, do 28-12-2022.

- Orde de 14 de decembro de 2022, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encaminadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento IN519B). DOG núm. 1, do 02-01-2023.

- Resolución de 7 de decembro de 2022, da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde de 13 de maio de 2022 (Diario Oficial de Galicia número 102, de 30 de maio) pola que se modifica parcialmente a Orde de 16 de abril de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para as accións formativas do Plan formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2021-2023, e se realiza a súa segunda convocatoria para os exercicios 2022 e 2023 (código de procedemento TR301K). Figura o Concello de Cambre cunha subvención concedida por importe de 207.622,20 euros. DOG núm. 2, do 03-01-2023.

### **3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DA ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, ditadas dende o día 23 ao 29 de decembro do 2022, que comezan coa Resolución da Alcaldía núm. 2308/2022 e rematan coa resolución do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico núm. 2359/2022, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
2308/2022	23-12-2022	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 27 de decembro de 2022
2309/2022	23-12-2022	Conceder a LN, SAU, a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de fibra óptica de 75 metros lineais para proporcionar servizo de comunicacións electrónicas na rúa Isaac Peral, polígono industrial de Espírito Santo, parroquia de Cecebre
2310/2022	23-12-2022	Conceder a MMMC a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais
2311/2022	23-12-2022	Avocación de competencias da segunda tenente de alcalde dona Lúa Sanguineo Álvarez do 2 ao 10 de xaneiro de 2023, ambos incluídos

2312/2022	23-12-2022	Delegación da presidencia da sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico e sesión ordinaria da Comisións Informativas Permanentes a celebrar o día 22 de decembro de 2022
2313/2022	23-12-2022	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 86.727,12 euros
2314/2022	26-12-2022	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a DGS e AdeG por non residir no citado domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
2315/2022	26-12-2022	Recoñecemento de obrigas e aprobación de facturas por importe total de 7.516,62 euros
2316/2022	26-12-2022	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal de data 29 de decembro de 2022
2317/2022	26-12-2022	Aprobar a concesión de 24 subvencións correspondentes á convocatoria pública de subvencións municipais á consolidación de empresas do Concello de Cambre - Programa Consolida Cambre 2022
2318/2022	26-12-2022	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 92.077,80 euros
2319/2022	27-12-2022	Dar por acreditado o destino dos fondos recibidos por parte do concello de Cambre, segundo o establecido na cláusula primeira apartado 9.4 do convenio asinado coa Asociación Sementeira Cambre para a promoción musical do ano 2021
2320/2022	27-12-2022	Aprobar certificacións de obra e facturas mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, polígono do Espiritu Santo e O Temple, mediante implementación de solucións led" lote 1 IDAE certificacións 9 e 10
2321/2022	27-12-2022	Aprobar certificacións de obra e facturas mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, polígono do Espiritu Santo e O Temple, mediante implementación de solucións led" lote 1 IDAE certificacións 9 e 10
2322/2022	27-12-2022	Recoñecemento de obrigas correspondentes a certificacións da obra "edificio socio cultural na parroquia de Cela. Cambre, e facturas correspondentes a por importe total de 13.797,10 euros certificacións 15 a 23
2323/2022	27-12-2022	Aprobación de certificación de obra 5 e final do contrato menor para a reforma e ampliación de local social da parroquia de Andeiro, Cambre
2324/2022	27-12-2022	Aprobar o expediente de xeración de crédito número 17/2022 por importe de 20.120,00 euros na aplicación orzamentaria "920 15100 Gratificacións" financiada con compromiso de ingreso no concepto "46200 Transferencias corrientes ayuntamientos"
2325/2022	27-12-2022	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a C.P.S. e D.M.F.. por non residir no domicilio onde estan empadroados, nin constar a súa

		residencia habitual neste municipio incumpríndose co establecido no artigo 54.a do Real Decreto 1690/1986 do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais.
2326/2022	27-12-2022	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a J.Q.V. por non residir no domicilio onde esta empadroadado, nin constar a súa residencia habitual neste municipio incumpríndose co establecido no artigo 54.a do Real Decreto 1690/1986 do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
2327/2022	27-12-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a V.P.G. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
2328/2022	27-12-2022	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a P.A.R.G. e V.O.R. por non residir no domicilio onde estan empadroadas, nin constar a súa residencia habitual neste municipio incumpríndose co establecido no artigo 54.a do Real Decreto 1690/1986 do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
2329/2022	27-12-2022	Recoñecemento de obrigas correspondentes á xustificación das contratacións realizadas polas entidades beneficiarias das axudas concedidas ao abeiro das bases de convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro de emprego dual PROXEDIS-PROWEB III 2021/2022, publicadas no BOP nº80 de 28/04/2022 e BOP nº85 de 05/05/2022
2330/2022	27-12-2022	Declaración de caducidade e arquivo dos expedientes nº 07/45/2006 e 15/24/06 incoados a L.S.P.R. por obras de rehabilitación total de anexo a vivenda sen licenza en Torre, Andeiro, ao ter caducado a acción para a reposición da legalidade e ter prescrito a infracción, quedando a edificación en situación de fóra de ordenación
2331/2022	27-12-2022	Inicio de expediente de orde de execución a M.R.P. polo mal estado dun muro de bloques de formigón na Pena, Sigrás, e concesión de prazo de audiencia
2332/2022	27-12-2022	Declarar a desistencia da solicitude presentada por mediante escrito recibido no rexistro con data do 14 de novembro de 2022 e rexistrado co núm. 04/1095, sobre solicita certificado de innecesiedade de segregación parcela lugar Fontenla, declarándose así concluído o expediente núm 2022/U004/000059
2333/2022	27-12-2022	Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística e concesión de prazo de audiencia a DY, S.L. e a C.A.B.E. pola construción dun soportal metálico na fronte da fachada dun baixo comercial na rúa Constitución, O Temple
2334/2022	27-12-2022	Conceder licenza a PCR para a rehabilitación e ampliación dunha vivenda unifamiliar sita no lugar de Lourenziño, parroquia de Cambre
2335/2022	27-12-2022	Aprobación de certificación de obra última. Contrato menor: OBRA. Mellora do acabado de pavimentado das aulas-obradoiros do Centro Municipal de Formación

2336/2022	27-12-2022	Corrección de erro de transcripción na resolución de alcaldía num. 2286/2022 de data 21.12.2022 (expte2022/G003/002247)
2337/2022	27-12-2022	Aprobar a xustificación presentada polas entidades beneficiarias, do cumprimento da finalidade básica obxecto da subvención concedida e recoñecer obrigas, liquidar e aboar ás entidades
2338/2022	27-12-2022	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a J.J.B.O. por non residir no domicilio onde esta empadroadado, nin constar a súa residencia habitual neste municipio incumpríndose co establecido no artigo 54.a do Real Decreto 1690/1986 do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
2339/2022	28-12-2022	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a R.M.T.R. por non residir no domicilio onde esta empadroadado, nin constar a súa residencia habitual neste municipio incumpríndose co establecido no artigo 54.a do Real Decreto 1690/1986 do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
2340/2022	28-12-2022	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a J.C.A. por non residir no domicilio onde esta empadroadado, nin constar a súa residencia habitual neste municipio incumpríndose co establecido no artigo 54.a do Real Decreto 1690/1986 do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
2341/2022	28-12-2022	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas con reparos da intervención municipal por importe total de 48.357,35 euros
2342/2022	28-12-2022	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a L.F.de la F. por non residir no domicilio onde esta empadroadado, nin constar a súa residencia habitual neste municipio incumpríndose co establecido no artigo 54.a do Real Decreto 1690/1986 do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais.
2343/2022	28-12-2022	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a L.E.S.P. e M.I.S.P. por non residir no domicilio onde estan empadroadados, nin constar a súa residencia habitual neste municipio incumpríndose co establecido no artigo 54.a do Real Decreto 1690/1986 do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais.
2344/2022	28-12-2022	Conceder a UFD DE, S.A., a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 2 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica ao punto de recarga de vehículos eléctricos sito na rúa Wenceslao Fernández Flórez, parroquia de Cambre
2345/2022	28-12-2022	Aprobar a nómina decembro 2022 por un importe de retribucións brutas mes 420.255,10 euros

2346/2022	28-12-2022	Aprobar a xustificación presentada e dar por acreditado o destino dos fondos recibidos por parte do concello de Cambre, segundo o establecido na cláusula primeira apartado 8.2) do convenio, correspondentes ao convenio asinado co Club Baloncesto Cambre para a promoción do baloncesto durante a tempada 2020-2021
2347/2022	28-12-2022	Aprobación de certificacións núm 1 a 5 da obra "proxecto básico e de execución da remodelación e conexión do acceso exterior ao Concello de Cambre"
2348/2022	28-12-2022	Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para acordar a prórroga do contrato formalizado coa entidade "Bilbao Compañía Anónima de Seguros y Reaseguros para a subscrición da "Póliza de seguro de danos para bens mobles e inmobles do Concello de Cambre" (Expediente 2020/C006/000008). Prorrogar por un ano, e nos seus mesmos termos, o contrato suscrito para a subscrición dunha "Póliza de seguro de danos para bens mobles e inmobles do Concello de Cambre" (Expediente 2020/C006/000008), polo que a efectividade da póliza terá efectos dende as 00:00 horas do día 01/03/2023 ata as 24:00 horas do día 28/02/2024 incluídos
2349/2022	29-12-2022	Autorización remisión expediente solicitado en escrito presentado en data 26-12-2022 (nº rexistro 202299900007105)
2350/2022	29-12-2022	Aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de novembro de 2022, recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, e dos mandamentos de pago das retencións practicadas na nómina do mes de decembro de 2022
2351/2022	29-12-2022	Solicitar unha subvención ao abeiro da Orde da Consellería de Política Social e Xuventude, do 19 de outubro de 2022, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá nos anos 2022 a 2024, susceptible de ser cofinanciada polo programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria, publicada no DOG n.º 207, do 31 de outubro de 2022. Aprobar o obxecto e orzamento do proxecto, así como o importe da subvención solicitada que se indica a continuación: Obxecto: implantación dun servizo de atención temperá no Concello de Cambre. Orzamento total: 157.353,26 euros Importe a solicitar: 157.353,26 euros
2352/2022	29-12-2022	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas con reparos por importe total de 115.653,92 euros
2353/2022	29-12-2022	Aprobar a xustificación presentada polas entidades beneficiarias, do cumprimento da finalidade básica obxecto da subvención, así como recoñecer e liquidar obrigas e aboar ás mesmas mediante transferencia bancaria actividades deportivas
2354/2022	29-12-2022	Expediente de transferencia de crédito núm. 8/2022 por un importe de 2.000.00 euros. Comisións bancarias
2355/2022	29-12-2022	Expediente de transferencia de crédito núm. 9/2022 por un importe de 4.700,00 euros. Lacería Consorcio As Mariñas
2356/2022	29-12-2022	Asignar o número 36-E, a vivenda situada no lugar de Lendoiro, parroquia de Cecebre, CP 15650, Cambre (A Coruña)
2357/2022	29-12-2022	Prorrogar ao ano 2023 o orzamento municipal de 2022, cun estado

		de gastos de 17.864.735,15 euros e de ingresos de 19.738.906,37 euros
2358/2022	29-12-2022	Aprobar o padrón das taxas por prestación do servizo público de subministración de auga potable e rede de sumidoiros, así como da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo de depuración e do canon da auga da Xunta de Galicia, correspondente ao cuarto trimestre de 2022, no que constan 12.611 recibos por un importe de 667.895,67 euros
2359/2022	29-12-2022	Aprobación da xustificación e proposta de pago das subvencións municipais a entidades veciñais sen fin de lucro para programas deportivos, segundo se indica no punto 2) da acta da Comisión de Avaliación de data 20.05.2022, correspondentes ao ano 2020

#### **4º.- ASUNTOS SOBREVIDOS**

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal, manifesta que desexa someter a consideración da Xunta de Goberno Local o seguinte asunto:

- Contratación da subministración e dos servizos para a campaña de dinamización comercial do Nadal 2022-2023. Expte: 2022/C005/000012.

Xustifica a urxencia do asunto, tendo en conta as datas nas que nos atopamos e o obxecto desta contratación.

Sometido pola Presidencia a votación ordinaria a urxencia do asunto anteriormente citado, é aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

#### **ÚNICO. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E DOS SERVIZOS PARA A CAMPAÑA DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL DO NADAL 2022-2023. EXPTE: 2022/C005/000012.**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 2 de xaneiro de 2023 (CVD: TAcSaibGIBEYN66jSwoY), que transcrita di:

#### **“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto o expediente de contratación incoado co nº 2022/C005/000012 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado, con multiplicidade de criterios de adxudicación (xuízos de valor e apreciación automática) do contrato mixto de servizos e subministracións para a “campaña de dinamización comercial do Nadal 2022-2023”, dividíndose o obxecto do contrato en tres lotes, cun valor estimado total de 48.516,76 euros e un orzamento base de licitación de 48.516,76 € sen IVE, 58.250,00 euros IVE incluído, que se desagrega nos seguintes lotes:

- Lote 1: Instalación e dinamización dun Poblado de Nadal e distribución dos árbores de Nadal de propiedade municipal entre os establecementos participantes na Campaña.
- Lote 2: Subministración de lotes de produtos de nadal.

- Lote 3: Servicios de sensibilización, apoio técnico e seguimento da Campaña e servicios tecnolóxicos relacionados coa mesma.

Respecto dos lotes 1 e 3 xa resolveu a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día 20.12.2022.

Respecto do lote 2, consta no expediente a acta da mesa de contratación de data 08.11.2022 respecto da valoración dos criterios contemplados na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas para cada un dos licitadores presentados (Grupo Disber Siglo XXI, S.L. e Vego Supermercados, S.A.U.).

Consta tamén no expediente a acta da mesa de contratación de data 22.12.2022 na que se propón excluír a "Grupo Disber Siglo XXI, S.L." por non aportar o Certificado de inscrición do Plan de Igualdade no Rexistro de Plans de Igualdade da empresa, de conformidade coa normativa aplicable (Real Decreto 901/2020, de 13 de outubro e Real Decreto 713/2010 de 28 de maio) e requirir a Vego Supermercados S.A.U. para que aportara a documentación previa á adxudicación prevista na cláusula 17 do PCAP.

Enviado o dito requirimento a través da PLACSP, con data do 26.12.2022 Vego Supermercados S.A.U. achegou escrito no que indica:

*En relación con el requerimiento de documentación recibido relativo a la propuesta de adjudicación a favor de Vego Supermercados, S.A.U. con fecha 26/12/2022, para la adjudicación del lote 2 "suministro lotes de productos navideños" para el que se nos concede un plazo para la aportación de la misma de 7 días hábiles, esta mercantil pone de manifiesto el impedimento para atender el suministro del lote para el que se propone la adjudicación, a consecuencia del periodo en el que nos encontramos por no disponer ni de medios materiales para la realización de las mismas, ni de la mercancía necesaria dentro de los plazos oportunos, motivo por el cual no podemos aceptar la propuesta de adjudicación por lo que les comunicamos de manera formal nuestra retirada de la oferta realizada en su día.*

Consta no expediente informe emitido con data do 02.01.2023 (CVD: jn4/gCH26xTaW8SO4S6c) pola secretaria accidental e o interventor municipal.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 21.10.2022 respecto do lote 2, admitir as dúas proposicións presentadas, "Grupo Disber Siglo XXI, S.L." e "Vego Supermercados, S.A.U.", por cumprir as condicións e requisitos establecidos nas Cláusulas 13 e 14 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e aportar debidamente cubertas as declaracións responsables conforme ao modelo do anexo II do dito prego.

**Segundo:** De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación de data 21.10.2022 respecto do lote 2 do presente expediente, aprobar as seguintes puntuacións correspondentes aos criterios evaluables mediante xuízos de valor contemplados para cada un dos citados lotes na cláusula 12 do PCAP:

Lote 2:



Empresa	Produtos pertencentes a denominacións de orixe con calidade recoñecida e contrastada ofertados	Calidade dos materiais e formatos propostos para a presentación dos lotes, facilidade de transporte e almacenaxe	Puntuación total
Grupo Disber Siglo XXI, S.L.	15,00	10,00	25,00
Vego Supermercados, S.A.U.	13,85	2,00	15,85

**Terceiro:** De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data do 08.11.2022 respecto lote 2, aprobar as seguintes puntuacións correspondentes aos criterios de adxudicación de apreciación automática que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares; así como os cálculos para a determinación das ofertas que se presumen anormalmente baixas para cada un dos citados lotes, realizados conforme ao disposto na cláusula 16.4.2 do PCAP e segundo o establecido no artigo 85 do R.D. 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos do Sector Público.

#### Lote 2

Empresa	Prezo ofertado	Aplicación criterio prezo (75 puntos)
GRUPO DISBER SIGLO XXI S.L.	4.914,75	74,84
VEGO SUPERMERCADOS, S.A.U	4.903,95	75,00

Do cálculo efectuado resulta que o límite das ofertas incursas en presunción de resultar anormalmente baixas queda establecido en 3.937,28 euros (sen IVE), polo que as ofertas presentadas non se atopan incursas nesta circunstancia.

**Cuarto:** De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data do 08.11.2022 e de conformidade cos apartados anteriores do presente acordo, aprobar as seguintes puntuacións totais obtidas no lote 2 da presente licitación, coa seguinte clasificación por orden decrecente:

LOTE 2: Subministración de lotes de produtos do Nadal.

Empresa	Aplicación criterio prezo (75 puntos)	Aplicación criterio calidade (25 puntos)	Puntuación total
GRUPO DISBER SIGLO XXI S.L.	74,84	25,00	99,84
VEGO SUPERMERCADOS, S.A.U	75,00	15,85	90,85

**Quinto:** De conformidade co acordo adoptado pola mesa de contratación en sesión celebrada con data do 22.12.2022, excluír a "Grupo Disber Século XXI, S.L." do procedemento de adxudicación do lote 2 «subministración lotes de produtos do Nadal» do contrato mixto de subministracións e servizos para o desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2022-2023, expediente número 2022/C005/000012, e considerar que dita empresa retirou a súa oferta, tendo en conta que non se atende o requirimento efectuado pola mesa de contratación efectuado con data 12 de decembro de 2022, segundo acordo da mesa de contratación de data 9 de decembro de 2022, en tanto non se achega o certificado de inscrición do

Plan de Igualdade no Rexistro de Plans de Igualdade da empresa, de conformidade coa normativa aplicable (Real Decreto 901/2020, do 13 de outubro).

**Sexto:** Excluir a “Vego Supermercados S.A.U.” do procedemento de adxudicación do lote 2 «subministración lotes de produtos do Nadal» do contrato mixto de subministracións e servizos para o desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2022-2023, expediente número 2022/C005/000012, e considerar que dita empresa retirou a súa oferta, tendo en conta o escrito presentado a través da PLACSP con data do 26.12.2022 no que o licitador pon de manifesto (...) *el impedimento para atender el suministro del lote para el que se propone la adjudicación, a consecuencia del periodo en el que nos encontramos por no disponer ni de medios materiales para la realización de las mismas, ni de la mercancía necesaria dentro de los plazos oportunos, motivo por el cual no podemos aceptar la propuesta de adjudicación por lo que les comunicamos de manera formal nuestra retirada de la oferta realizada en su día (...).*

**Sétimo:** Declarar deserto o lote 2 «subministración lotes de produtos do Nadal» do contrato mixto de subministracións e servizos para o desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2022-2023, expediente número 2022/C005/000012, por ser as dúas empresas excluídas as únicas que presentaron proposición neste lote.

**Oitavo:** Notificar o presente acordo aos licitadores do lote 2, así como ao responsable do contrato máis á intervención municipal e publicalo no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>).

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contenciosoadministrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do ContenciosoAdministrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 2 de xaneiro de 2023 (CVD: TAcsaibGIBEYN66jSwoY), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

## **5º.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formula ningún/ningunha.



E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e nove minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica Maria Otero López